



CIRCULAR 24/2018 TECNIFICACIÓN 2018 TECNIFICACIÓN ARCO COMPOSTO SETEMBRO

A Coruña, 22 de agosto de 2018

A FGTA leva a cabo esta convocatoria, de forma aberta, dirixida a todos/as os/as arqueiros/as e adestradores da modalidade de arco composto que teñan interese en entrar a formar parte do grupo de tecnificación coa fin de elevar o nivel técnico desta modalidade en Galicia.

Para isto vaise contar con Alberto Blázquez Arbonés; quen, en conxunción coa FGTA encargarse da dirección e docencia da concentración.

A FGTA, a través de Alberto Blázquez, aposta desta forma polo tiro progresivo con tensión de espalda como técnica a implantar.

Esta convocatoria estará dirixida e enfocada a traballos técnicos específicos, que serán coordinados polo responsable, Alberto Blázquez, coordinando grupos de traballo entre as novas incorporacións e os que continúan a formación dende as anteriores convocatorias.

Os/As arqueiros/as e adestradores que desexen participar nesta concentración, aínda de carácter aberto, deberán remitir a súa solicitude á FGTA.

* Os/as arqueiros/as ou monitores que xa teñan remitido a ficha na anterior concentración cos datos técnicos, tan só deberán cubrir a **FICHA DE INSCRICIÓN**.

Os/As que asistan por primeira vez deberán cubrir todos os datos que se solicitan.

DATA

Sábado 22 e Domingo 23 de setembro de 2018

HORARIOS:

Sábado 22: De 10:00 a 14:00 h. (*xantar*) e de 16:00 a 20:00 h.

Domingo 23: De 10:00 a 14:00 h.

LUGAR

Galería municipal de Tiro con Arco

Parque de A Milagrosa (Lugo)



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 24/2018 TECNIFICACIÓN 2018 TECNIFICACIÓN ARCO COMPOSTO SETEMBRO

Casa do Deporte: Avda. Infanta Elena, s/n – 27003 (Lugo)

INSCRICIÓN:

25 € (O custo da inscrición inclúe o xantar do sábado)

A data límite para a recepción de inscricións é o 17 de setembro , ás 23:59 horas.

A inscrición realizarase enviando o formulario que se xunta ao correo electrónico inscripciones@fgta.es debidamente cuberto en todos os apartados, así como o xustificante de ter aboado o importe na conta da FGTA da entidade ABANCA **ES78 2080 5368 7630 4000 7146**

XANTAR DO SÁBADO:

Nun restaurante próximo o pavillón, e xestionado pola FGTA, o custo está incluído no importe da inscrición.

COLABORAN:

Concellería de Deportes-Concello de Lugo. Club Arco Muralla

NOTA:

Os asistentes que o desexen poden traer unha memoria USB para que se poidan levar unha copia da documentación facilitada por Alberto

Na dirección web www.blazquezarchery.com , Alberto creará nela un evento e incluíra información do que se fara na tecnificación



Francisco Vilar Nogués
Secretario Xeral en funcións
Federación Galega de Tiro con Arco